

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 30 DE SETEMBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello Pontearreas da varios treitos de estradas provinciais.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado: "Mellora da estrada LU-651. Treito: Folgoso (punto quilométrico 21+600) - Seoane (punto quilométrico 35+670)", no Concello Folgoso do Courel (Lugo).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica".

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Oza Cesuras para a recuperación e posta en valor do sanatorio de Paraxón para uso turístico cultural, por un importe 571.457,06 €.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA) para regular as condicións da axuda destinada ao despregamento dunha infraestrutura baseada en tecnoloxías

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cuánticas da información que permita impulsar a I+D+i en Galicia, por importe de once millóns cincocentos noventa mil novecentos catro euros (11.590.904,00 €), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do Eixo REACT UE do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID 19.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura de 40 acordos de financiamento do Programa de rexeneración e renovación urbana e rural que se asinará no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Padrón para a ampliación do saneamento no Concello de Padrón, Herbón, Pazos, Aduana, Paraíso e Palomar. Padrón (A Coruña), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do Eixo REACT UE do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19, por importe dun millón cento cincuenta mil euros (1.150.000€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e os concellos de Leiro e Boborás para a renovación da tubaxe dende Pazos de Arenteiro á estación de tratamento de auga potable de Leiro, susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do Eixo REACT UE do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19, por importe de trescentos sesenta mil euros (360.000€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Boborás para a execución das obras do proxecto de renovación das redes de abastecemento, saneamento e pluviais na travesía de Brués. Boborás (Ourense), por importe de trescentos oitenta e cinco mil euros (385.000€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo (CLUBTURA) para o desenvolvemento de actividades de difusión e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

promoción da música ao vivo dentro da programación do Xacobeo 2021 por importe de douscentos mil euros (200.000€), así como autorizar os pagamentos anticipados ata o 90% da subvención concedida e a exención da obriga de constituir garantía para os pagamentos anticipados.

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o apoio á adquisición e mellora de equipamento e instalacións científico-técnicas nas universidades do SUG, por un importe total de seis millóns novecentos corenta e sete mil novecentos setenta e nove euros (6.947.979€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Castro Caldelas no que se establecen as bases para a reforma do centro de saúde de Castro Caldelas, por importe de douscentos dous mil trescentos euros (202.300 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre na área de Baixo Miño, por importe de once millóns cento cincuenta e nove mil cento oitenta e dous euros con corenta e dous céntimos (11.159.182,42 €) e un valor estimado de dezaseis millóns cincocentos oito mil oitocentos un euros con oitenta e dous céntimos (16.508.801,82 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre as subvencións plurianuais concedidas a concellos para a adquisición, mediante o sistema de *renting*, de vehículos híbridos ou eléctricos con destino aos corpos de policía local, financiadas polo Fondo de Compensación Ambiental.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre as axudas ao autoconsumo e almacenamento enerxético para empresas e comunidades enerxéticas locais.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a renovación do concerto para a prestación farmacéutica polas oficinas de farmacia de Galicia
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da "Décimo primeira subministración de diverso material para facer fronte á COVID-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras", por un importe de un millón catrocentos dezaseis mil cento setenta e un euros con doce céntimos (1.416.171,12 €), IVE incluído.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE PONTEAREAS DA VÍA PROVINCIAL DE ACCESO Á IGREXA DE GULÁNS E DE ANTIGOS TREITOS NOS LUGARES DA MANGA, DE MONTE DA MINA E DA FORCADIÑA

- A Consellería de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello terá a competencia para actuar nestes tramos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se autoriza o cambio de titularidade a prol do Concello de Ponteareas da estrada provincial EP-4004 de acceso á Igrexa de Guláns e de varios treitos antigos da EP-4005, nos lugares da Manga e de Monte da Mina; e da EP-4006, no lugar da Forcadiña.

O Concello de Ponteareas e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade destes viarios.

A Administración provincial acordou aprobar o cambio de titularidade a prol do Concello de Ponteareas e emitiu así informe favorable para a transferencia do tramo de 490 metros da estrada provincial EP-4004 de acceso á igrexa de Guláns; de dous treitos antigos da EP-4005, do punto quilométrico 1+195 ao 1+320 e do 1+930 ao 2+040; así como do antigo treito da estrada da EP-4006, do punto quilométrico 1+100 ao 1+700.

A transferencia a prol do Concello de Ponteareas tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe o Concello terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A MELLORA DA ESTRADA LU-651, ENTRE FOLGOSO E SEOANE DO COUREL, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 10 M€

- O obxectivo é acondicionar 14 quilómetros da estrada autonómica Quiroga-Seoane do Courel, compatibilizando a mellora da súa funcionalidade e a seguridade viaria cos valores ambientais
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará no último trimestre do ano o levantamento das actas previas
- A execución das obras realizarase por fases, prevéndose a licitación do treito entre Ferrería Vella e Seoane do Courel a finais de ano ou principios de 2022, por importe de 3,38 M€
- A actuación centrarase na ampliación da vía, permitindo asegurar dous carrís cun mínimo de 3 metros de largura e beiravías
- Executarase unha senda entre o núcleo de Folgoso do Courel e a área recreativa de Traspano-Os Alvares e implantaranse gabias de seguridade transitables
- Ademais habilitarase un aparcadoiro para autobuses no contorno de Seoane do Courel, adxacente á parcela na que se atopan os servizos de Protección Civil

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración da utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para a mellora da estrada LU-651, entre Folgoso e Seoane do Courel, no concello lucense de Folgoso do Courel.

O Goberno galego investirá máis de 10 millóns de euros nesta actuación de acondicionamento nesta vía autonómica que conecta o núcleo de Quiroga co de Seoane do Courel, incluíndo o pagamento dos 131 predios precisos para a súa execución.

O proxecto ten como obxectivo a mellora das características deste tramo da LU-651, no treito de 14 quilómetros de lonxitude comprendido entre os puntos quilométricos 21+600 e o 35+670.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas no cuarto trimestre do ano.

A execución das obras realizarase por fases, prevéndose a licitación dun primeiro treito, entre Ferrería Vella e Seoane do Courel a finais de ano ou principios de 2022, por un importe de 3,38 M€.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Trátase de realizar unha intervención na estrada que compatibilice a mellora da súa funcionalidade e da seguridade viaria cos valores ambientais e paisaxísticos do seu percorrido. Case o 80% do treito considerado son curvas e a recta máis longa é de tan só 96 metros de lonxitude.

A actuación prevé a ampliación da plataforma da estrada, permitindo en todo momento asegurar dous carrís de circulación cun mínimo de 3 metros de anchura, con beiravías, agás naqueles puntos onde exista gabia de seguridade. Para isto, será necesario ampliar 11 pontóns, conservando os muros existentes para minimizar a afección desde o punto de vista ambiental.

No proxecto de ampliación inclúese a execución dunha senda entre o núcleo de Folgoso do Courel e a área recreativa de Traspano-Os Alvares, e a implantación de gabias de seguridade transitables de 90 cm de ancho, que permitan mellorar a seguridade viaria e a drenaxe da plataforma.

Tamén se renovarán os sistemas de contención de vehículos, executaranse gabias de seguridade e renovarase a rede de drenaxe lonxitudinal e transversal. Ademais, construíranse 19 muros de contención, realizaranse traballos de sostemento de terras e rehabilitarase o firme en todo o treito obxecto das obras.

No marco deste proxecto, prevese tamén habilitar un aparcadoiro para autobuses no contorno de Seoane do Courel, adxacente á parcela na que se localizan actualmente os servizos de Protección Civil.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A 1ª REVISIÓN DO PLAN FORESTAL DE GALICIA QUE REXERÁ A PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DO MONTE DA NOSA COMUNIDADE DEICA O ANO 2040

- O Consello da Xunta aprobou hoxe como Decreto a primeira revisión deste plan que establece unha proxección do monte do futuro para o período 2021-2040, con obxectivos e indicadores concretos
- Froito dun amplo consenso sectorial e da sociedade galega en xeral, o PFG considera un investimento de 4.900 millóns de euros no monte galego nos próximos vinte anos, incluíndo tanto fondos públicos como financiamento privado dos titulares ou xestores do monte
- Algunhas das finalidades máis destacadas do Plan pasan por acadar as 425.000 hectáreas de superficie ocupada por frondosas autóctonas e unha redución da superficie con presenza de eucalipto do 5 % ao final do período
- Nesa liña, algúns dos obxectivos xa se viñeron materializando nos últimos meses coa entrada en vigor da Lei de recuperación da terra, que incluíu a suspensión temporal das novas plantacións de eucalipto alí onde non os había e a regulación das agrupacións forestais de xestión conxunta
- Tamén coa publicación da primeira orde de axudas concibida para mellorar a gobernanza das comunidades de montes veciñais, cun orzamento superior aos 6,7 millóns de euros ao que concorreron máis de 2.000 solicitantes
- O control das especies invasoras, o fomento da multifuncionalidade ou a regulación do seu uso socio-recreativo son outras liñas de traballo do plan

O Consello da Xunta vén de aprobar como Decreto a 1ª revisión do Plan forestal de Galicia (PFG) 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica", que considera un investimento de 4.900 millóns de euros no monte galego nos próximos vinte anos, incluíndo tanto fondos públicos como financiamento privado dos titulares ou xestores do monte. Esta é unha das grandes cifras do documento que se elaborou dando cumprimento ás recomendacións do Ditame da Comisión Forestal do Parlamento. Establece unha proxección do monte do futuro para o período 2021-2040, cunha serie de grandes obxectivos e indicadores.

Obxectivos concretos

Unha das principais liñas pasa por promover a rexeneración natural de frondosas caducifolias, ata chegar a unha superficie total ocupada por estas masas autóctonas de 425.000 hectáreas en 2040, actuando nun 15% da superficie de frondosas. Ademais, a superficie de frondosas obxecto de xestión activa mediante tratamentos silvícolas incrementarase dende as 5.000 ha no primeiro quinquenio ata as 20.000 ha no último.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, o programa de recuperación de bosques de ribeira abranguerá outras 20.000 hectáreas.

No caso concreto do castiñeiro, o PFG considera un programa estratéxico para contribuír á conservación e posta en valor desta especie, con actuacións en 8.000 hectáreas deica o ano 2040 para recuperar soutos tradicionais en produción mediante medidas de rehabilitación, 2.000 ha delas ata o 2025. Así mesmo, prevéase crear novos soutos tanto para a produción principal de castaña como para xerar madeira, cada unha das liñas con 8.000 hectáreas de actuación. Con estas accións, búscase apoiar o sector viveirista, incrementar tanto a produción de castaña como a súa calidade, aumentar a superficie de castiñeiro para madeira e mellorar a competitividade das empresas do sector, cunha maior intensidade nas accións durante o primeiro quinquenio.

En relación ao eucalipto, márcanse programas de actuación e iniciativas que contribúan a unha redución da superficie con presenza de eucalipto do 5 %, ao final do período. Así, cabe apuntar que coa entrada en vigor da Lei de recuperación da terra agraria o pasado 22 de maio, se activou tamén a suspensión temporal de novas plantacións de eucalipto onde antes non os había, ademais de reforzar a supervisión e control por parte da Xunta para asegurar o cumprimento da normativa.

A maiores, priorizarase a mellora da xestión e a produtividade das masas de eucalipto xa existentes e aplicarase un programa de transformación de eucaliptais degradados. Así mesmo, potenciarase a silvicultura do eucalipto e reducirase a combustibilidade das masas mediante a xestión activa, incrementando tanto a taxa de aproveitamento da especie como a certificación e as iniciativas de xestión conxunta. Así, dentro desa redución, un total de 20.000 hectáreas converteranse en masas doutras especies.

O obxectivo é que no 2040 Galicia conte cunha superficie menor de eucaliptais, mediante a transformación en plantacións doutras especies. Paralelamente, mellorarase a produtividade naquela superficie na que se circunscriban as masas de eucalipto, incrementando a taxa de aproveitamento co obxectivo de alcanzar un 90 % do crecemento corrente anual. Así, cunha menor superficie de eucalipto, a produtividade das masas vai ser maior como consecuencia das medidas adoptadas. Así, preténdese que as actuacións silvícolas supoñan unha transformación na estrutura dos combustibles forestais dos eucaliptais de produción, cunha tripla estratexia: a redución da carga de combustible potencialmente dispoñible nos meses de alto risco, a conversión en determinadas áreas a outras especies ou formas de cultivo e o illamento coa ruptura da continuidade de grandes superficies de combustible.

Con base nestas premisas establécese, por exemplo, o obxectivo de mobilizar os recursos madeireiros que permitan atender, como recurso de proximidade, as demandas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

da actividade industrial ligada á madeira e á biomasa. Así, márcase un incremento da mobilización de recursos madeiros cunha taxa global de extracción de todas as especies (incluída a conífera) de xeito tal que pase do 60 % ata o 70 % da posibilidade, cunhas cortas anuais de ata 12 millóns de metros cúbicos ao remate do período, unha cifra que arestora se sitúa en algo máis de 9 millóns.

En relación coas coníferas, especialmente o piñeiro, no plan considérase fomentar a través de liñas de axuda as repoboacións e reforestacións de alta calidade xenética, incrementando mediante esta vía a superficie que ocupan estas especies en 20.000 hectáreas no prazo de 20 anos. Tamén se aplicarán actuacións silvícolas nun total de 50.000 hectáreas de coníferas deica o ano 2040 e irase incrementando a porcentaxe de volume de cortas con destino a serra ou usos estruturais ata un 75 % nese tempo.

O control das especies invasoras (especialmente das acacias) mediante un programa de control que abranguerá 1.000 hectáreas en total, o fomento da multifuncionalidade do monte ou a regulación do seu uso socio-recreativo son outras liñas de traballo.

Outro programa destacado, xunto coa mellora da xenética forestal, é o dos chamados "montes protectores". Trátase de inventariar e rexistrar aqueles montes ou terreos forestais que teñan un especial carácter protector do solo e regulador do ciclo hidrolóxico. Así, planifícase a creación e inscrición de montes protectores, para chegar a un total de 90.000 hectáreas amparadas por esta figura no horizonte do plan. Todo isto, cun aumento progresivo da superficie forestal xestionada con criterios de protección (incluíndo a que adquira a Administración, a xestionada por contratos de xestión pública ou a de xestión privada), chegando no ano 2040 ata as 130.000 hectáreas. Ademais, porase en marcha un Programa de conservación de recursos xenéticos que abranguerá 15.000 ha e promocionarse o uso social ou turístico do monte mediante o establecemento dunha rede de infraestruturas verdes en contornas urbanas e en zonas de especial interese paisaxístico de forma progresiva, actuando en 25.000 hectáreas deica o ano 2040.

No ámbito da saúde e vitalidade do monte, o PFG intensifica os traballos de loita biolóxica contra a avespiña ou o cancro do castiñeiro, así como fronte ao gorgullo do eucalipto, a praga dos ameneiros ou a procesionaria do piñeiro, entre outras doenzas, uns traballos que se levarán a cabo en función do avance dos organismos.

Outra liña de traballo é a mobilización das terras agrarias infrautilizadas ou abandonadas -especialmente mediante proxectos liderados por agrupacións forestais de xestión conxunta- para recuperar o rural e fixar poboación nas aldeas, apoiando as explotacións resultantes mediante incentivos fiscais, axudas directas ou de discriminación positiva. Nese sentido, cómpre lembrar que a Lei de recuperación regula

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estas novas figuras voluntarias que teñen por finalidade a xestión conxunta e sustentable dos terreos forestais, co fin de recuperalos e poñelos en valor, impedir o seu abandono, servir como instrumento para a protección do medio natural, a prevención e defensa contra os incendios forestais, a protección fronte a catástrofes e a loita contra o cambio climático. Tamén se busca a creación de emprego endógeno, colaborando no aumento da calidade de vida e expectativas de desenvolvemento da poboación rural.

Tendo en consideración outros instrumentos que recolle a Lei de recuperación da terra agraria, en 20 anos prevese actuar en 150.000 hectáreas ao abeiro de proxectos de mobilización de terreos agroforestais e mobilizar outras 35.000 ha de terras forestais mediante actuacións de xestión conxunta, creando unha liña potente e consolidada de superficie baixo algún tipo de figura de xestión conxunta para chegar ás 150.000 ha en 2040.

Outros aproveitamentos forestais

Dentro do fomento dos recursos forestais non madeireiros, porase en marcha un programa de aproveitamento de pastos e forraxes en monte e de establecemento de sistemas silvopastorais, concretándose como obxectivo final chegar ás 225.000 hectáreas de superficie para esta actividade en toda Galicia en 2040, duplicando a superficie actualmente existente e reforzando a nosa aposta pola gandería en extensivo.

O fomento de proxectos de ordenación de montes e instrumentos equivalentes de xestión forestal sustentable é un eido que tamén se aborda no plan. Deste xeito, márcase como obxectivo chegar a unha superficie total ordenada ao final do plan de 850.000 hectáreas. Delas, procurarase que, cando menos, 650.000 dispoñan da certificación forestal mediante calquera dos sistemas recoñecidos internacionalmente. Así mesmo, prevese que a superficie rexistrada de silvicultores activos sexa de 360.000 hectáreas en 20 anos, co apoio de 50 millóns de euros.

Nesa dirección, cabe mencionar que a Xunta convocou este ano por vez primeira unha orde de axudas para impulsar a boa gobernanza nas comunidades de montes veciñais en man común (Cmvmc), cun orzamento superior aos 6,7 millóns de euros tras a ampliación orzamentaria aprobada. Esta orde deu cumprimento a unha medida concreta do PFG establecida despois de que a Comisión parlamentaria especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia aprobase un Ditame onde declaraba 123 medidas concretas que se ían desenvolver, entre as que se atopaba a de "apoiar a xestión agrupada e profesional dos montes veciñais". Cabe engadir que ao abeiro desta

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

orde -que se resolverá proximamente- se recibiron 2.080 solicitudes de 1.145 comunidades de montes veciñais.

Outro ámbito de actuación é o da cadea monte-industria. Vaise incidir na súa modernización e en procurar que sexa altamente cualificada, produtiva e que elabore produtos de madeira ou baseados en madeira cun alto valor engadido. Farase mediante iniciativas coma o programa de divulgación e comunicación da cultura forestal, con, entre outras, 250 accións de formación e profesionalización de propietarios e/ou xestores de montes nos seguintes 20 anos. Tamén, cun programa de fomento da investigación, desenvolvemento e innovación forestal dotado con 135 millóns de euros en todo o período de vixencia e promovendo a cooperación e coordinación para mellora da formación forestal universitaria e profesional en Galicia.

Novo marco legal de protección e extinción de incendios

No marco do PFG, prevese ter lista na primeira metade desta lexislatura unha nova lexislación en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, un proceso totalmente participativo.

Ademais, revisaranse e actualizaranse os plans de defensa e prevención dos incendios forestais dos distritos e elaboraranse un inventario da rede de faixas de xestión de biomasa forestal. Así mesmo, elaboraranse anualmente o Plan preventivo que integre as actuacións dos medios propios e contratados nos montes de xestión pública, nos Perímetros de Alto Risco (PARI), no marco dos convenios coa Administración local e nas accións subsidiarias en cumprimento da lexislación vixente, por exemplo, nas franxas secundarias. A previsión é actuar nunhas 120.000 hectáreas deica 2040.

A maiores, elaboraranse de xeito participativo un plan plurianual para a definición das instalacións, dos equipamentos e dos recursos necesarios para as sedes de distrito, talleres, almacéns, garaxes, puntos de encontro, puntos de vixilancia e bases de medios aéreos, recollendo as necesidades de equipamentos persoais, de parque móbil e de recursos tecnolóxicos e informáticos.

Canto á colaboración coas entidades e administracións locais, impulsarase o convenio para a xestión das faixas secundarias, reforzaranse os destinados a ter dispoñibles as brigadas de prevención/extinción e os camións de extinción, integraranse os convenios para a limpeza de marxes de pistas municipais e seguiranse elaborando e actualizando os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais. En relación ás tarefas preventivas en parroquias priorizadas, continuarase incidindo na xestión de biomasa nas faixas secundarias, actuando nas 10 ha que pode solicitar anualmente cada concello en virtude das accións subsidiarias e nos 10 km anuais que poden solicitar a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

maiores para ter limpas as vías de titularidade municipal. Neste capítulo, prevese un investimento de 200 millóns de euros ata 2040, para acadar as 20.000 ha de accións subsidiarias, os 20.000 kms de vías municipais con xestión de biomasa, as 20.000 ha de faixas secundarias priorizadas xestionadas e o 100 % dos concellos adheridos con Plan preventivo.

Ademais, desenvolverase un plan continuado de formación do persoal do Servizo de prevención e defensa contra os incendios e coa posta en marcha dun Centro Integral para a Loita contra o Lume que se situará en Ourense, na provincia máis afectada polos lumes. Así, o antigo hospital de Toén reconverterase nun centro de referencia, no que se conte cos maiores especialistas no comportamento e análise dos lumes forestais para dar formación aos bombeiros forestais, concienciar a sociedade civil a través da educación medioambiental e desenvolver análise e investigación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DA LUZ VERDE Á REHABILITACIÓN DO SANATORIO DE PARAXÓN PARA O SEU USO TURÍSTICO CULTURAL

- A actuación suporá un investimento de máis de 570.000 euros en dous anos para transformar o edificio e a súa contorna en polo de atracción turística
- Trátase dun edificio modernista dos anos 20 creado inicialmente para acoller aos enfermos de tuberculose que se atopa nun espazo con gran valor natural e paisaxístico

O Consello da Xunta vén de autorizar a subscrición dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira, a través da Axencia Turismo de Galicia, e o Concello de Oza-Cesuras para a recuperación e posta en valor do sanatorio de Paraxón para uso turístico cultural, por un importe total de 571.457,06 euros, en dúas anualidades.

O obxectivo do proxecto é poñer en valor o edificio modernista proxectado nos anos 20 cando a tuberculose representaba un problema de saúde no territorio. Situado nun lugar de gran valor paisaxístico, nunha zona catalogada como reserva da biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, a actuación permitirá non só conservar a edificación senón transformar o sanatorio nunha peza clave na configuración da oferta e demanda do patrimonio, actuando como foco de atracción de visitas.

O convenio de colaboración executarase entre este ano e o vindeiro. De feito, a maior parte do investimento realizarase en 2022, o que permitirá acometer a rehabilitación proxectada do edificio, dinamizar a contorna do sanatorio e converter este punto en parada obrigatoria de peregrinos, turistas, visitantes ou veciños da comarca, co fin de dinamizar o turismo da zona.

O Sanatorio de Paraxón xa foi obxecto de axudas por parte do Goberno galego nas anualidades 2019 e 2020 para a rehabilitación do bloque sanitario e para a adecuación do espazo destinado ao estacionamento temporal de vehículos no lugar do Paraxón-Bragade, actuacións que supuxeron un investimento de máis de 60.000 euros.

Con esta nova actuación acometerase unha rehabilitación integral do edificio e da súa contorna, que permitirán transformalo en polo de atracción turística do concello e do xeodestino das Mariñas Coruñesas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 11,6M€ AO CESGA PARA POÑER EN MARCHA AS PRIMEIRAS ACTUACIÓNS DO POLO DE TECNOLOXÍAS CUÁNTICAS DE GALICIA

- O Consello deu luz verde, esta mañá, á sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación (Gain) e o Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Cesga) para financiar o despregamento dunha infraestrutura baseada en tecnoloxías cuánticas da información que permita impulsar a I+D+i
- O proxecto ten como obxectivo facilitar a recuperación no marco do contexto actual e apoiar a transición dixital dos sectores produtivos e de coñecemento galegos
- As tecnoloxías cuánticas actuarán como elemento disruptivo que acelerará o desenvolvemento económico grazas ás súas aplicacións en medicina, medio natural, biotecnoloxía, aeronáutica, automoción ou loxística, entre outras disciplinas
- O novo supercomputador Finisterrae III, apoiado pola Xunta e o CSIC con 7 millóns de euros, tamén será unha infraestrutura esencial para a posta en marcha deste Polo de Tecnoloxías Cuánticas co que Galicia aspira a que o Goberno lle asine fondos europeos

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación (Gain) e o Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Cesga) por importe de 11,6M€ para poñer en marcha as primeiras fases do Polo de Tecnoloxías Cuánticas, co que a Comunidade aspira a ser un referente neste eido de cara ao 2030.

Este acordo permitirá despregar as infraestruturas necesarias para a creación deste Polo de I+D+i en tecnoloxías cuánticas da información -a través dun simulador e un computador cuántico, un sistema de computación de altas prestacións e de almacenamento exclusivo para computación cuántica que estarán no Centro de Proceso de Datos do Cesga, en Santiago de Compostela-; situar o tecido de investigación, tecnolóxico e produtivo na vangarda desta tecnoloxía innovadora e de futuro; facilitar unha mellor recuperación dela no marco do contexto económico actual e apoiar a transición dixital dos sectores produtivos e de coñecemento galegos.

Así, impulsaranse proxectos de I+D+i asociados ás tecnoloxías cuánticas para apoiar a transición dixital centrados no desenvolvemento de solucións para os sectores estratéxicos de Galicia; realizaranse estudos que avalíen a contorna nacional e internacional, así como de demanda e observación tecnolóxica; e organizaranse cursos de formación e eventos de difusión que acheguen as posibilidades destas tecnoloxías.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, actuarán como un elemento tecnolóxico disruptivo, que acelerará o desenvolvemento económico en todos os sectores, ao ter innumerables aplicacións en medicina, medio natural, biotecnoloxía, aeronáutica, automoción, loxística, telecomunicacións ou finanzas, entre outras disciplinas. Grazas á capacidade e velocidade de procesamento das tecnoloxías cuánticas, pódense resolver problemas computacionais en moi pouco tempo en relación cos superordenadores clásicos. Prevese que o seu impacto sexa maior que o que tivo a computación clásica durante os últimos 100 anos e un volume de negocio estimado de máis de 31.000 millóns de dólares de cara ao ano 2026.

Finisterrae III

A Xunta segue dando pasos para a posta en marcha deste Polo de tecnoloxías cuánticas de Galicia, un camiño no que destaca a substitución no Cesga, este mesmo ano, do supercomputador *Finisterrae II* polo *Finisterrae III*.

A nova infraestrutura contou cun investimento de 7 millóns de euros por parte da Xunta e o CSIC e permitirá resolver 4.000 billóns de operacións matemáticas por segundo, o que supón multiplicar por 12 a capacidade do *Finisterrae II*. Será unha ferramenta esencial para os grupos de investigación, centros tecnolóxicos e tecido empresarial que poderán incorporar técnicas como a intelixencia artificial, o big data ou a analítica de datos na súa transición dixital.

Fondos Next Generation

A Xunta agarda que o Polo de Tecnoloxías Cuánticas de Galicia poida obter o financiamento necesario cando o Goberno estableza cales son os criterios de repartición dos fondos Next Generation e cal é a intensidade da axuda.

O proxecto, cun investimento final estimado de 154M€, será unha peza clave da Estratexia Galega de Tecnoloxías Cuánticas que pretende liderar a Xunta de Galicia. Neste sentido, o Polo nace coa premisa de estenderse e consolidarse a nivel galego. De feito, terá no Cesga (Santiago de Compostela) o seu nodo principal.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA OS CONVENIOS PARA PODER ASIGNAR 10,2 M€ A 40 ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE 22 CONCELLOS

- Grazas a estes fondos prevese rehabilitar ou edificar máis dun milleiro de vivendas
- Unha vez asinados os acordos cos municipios pola repartición de 2021, poderán optar ás axudas os particulares e comunidades de propietarios, así como os propios concellos
- O importe máximo das subvencións é de 24.000 euros por vivenda que se vaian rehabilitar e de 2.000 euros no caso de obras de urbanización e reurbanización de espazos públicos
- Deste xeito, o Goberno galego cumpre co obxectivo de repartir o 100% dos fondos do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural para este ano

Un total de 40 áreas de rehabilitación integral (ARI) pertencentes a 22 concellos beneficiaranse dos 10,2 millóns de euros dispoñibles este ano para financiar actuacións de recuperación de inmobles e espazos nestes ámbitos. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dos convenios de financiamento correspondentes entre o Goberno galego, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e os municipios que participan no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural de 2021.

En concreto, entre os concellos incluídos na repartición hai seis da provincia da Coruña –Ferrol, Mugarbos, Corcubión, Noia, Rianxo e Santiago–; nove da de Lugo –Castro de Rei, Chantada, Guitiriz, Lugo, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Quiroga, Ribadeo e Sober–; tres ourensáns –Castro Caldelas, Ourense e Ribadavia–; e catro de Pontevedra –Caldas de Reis, Pontevedra, Tui e Vigo–.

A previsión é que se poida intervir, rehabilitar ou mesmo edificar máis dun milleiro de vivendas nas ARI seleccionadas, segundo a estimación inicial feita polos propios municipios.

Cómpre lembrar que para repartir os fondos dispoñibles entre todas as ARI de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda realiza unha convocatoria anual para que os concellos soliciten o financiamento que desexan e determinen as zonas ás que o queren destinar, en caso de que contén con máis dunha figura deste tipo.

Este ano, o procedemento abriuse no mes de xuño e, tras analizar todas as solicitudes recibidas, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) realizou a repartición dos fondos entre cada concello, tendo en conta o importe dispoñible e os criterios vixentes, así como o cumprimento de obxectivos de cada municipio en convocatorias anteriores.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A este respecto, cómpre subliñar que, ao igual que o ano pasado, a Xunta ponderou á hora de facer a distribución a condición de Área Rexurbe dalgunha das ARI para as que se pedía financiamento. Foi o caso de Mondoñedo e Ribadavia, dous dos primeiros concellos en contar con esta nova figura –prevista na Lei de rehabilitación– e aos que se lles asignou unha contía maior para intervir nestas zonas.

Así mesmo, entran por primeira vez na repartición de fondos un total de seis novas áreas de rehabilitación integral, que foron declaradas nos últimos meses e, polo tanto, nunca antes recibiran financiamento. Son as catro novas ARI de Vigo –Beiramar, Espiñeiro-Teis, San Pablo e San Roque–, a ARI de Castro de Rei e a de Guitiriz.

Unha vez decidida a asignación por ARI e municipios e tras a autorización hoxe por parte do Consello, o seguinte paso será asinar convenios específicos con cada un dos concellos para que, a continuación, sexan as propias administracións locais as que convoquen as axudas, ás que poderán optar tanto os propietarios particulares como as comunidades veciñais das vivendas e edificios que se vaian rehabilitar dentro de cada área. Do mesmo xeito, é competencia municipal a tramitación destas axudas ata a súa execución.

En todo caso, as ARI con financiamento asignado en 2021 –salvo aquelas que entran por primeira vez na repartición– tamén teñen en execución convenios anteriores por un importe de máis de 28,8 millóns de euros.

Contías das axudas

O importe máximo das subvencións que poderán percibir os propietarios é de 24.000 euros por vivenda, sen que poida superar o 50% do orzamento da actuación. En todo caso, o límite subirá ata o 85% cando o solicitante teña ingresos inferiores a tres veces o IPREM e cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite que na unidade de convivencia existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

Ademais, os concellos recibirán tamén subvencións para executar pola súa conta actuacións de urbanización e reurbanización de espazos públicos dentro do ámbito da ARI, cun importe de ata 2.000 euros por vivenda rehabilitada. A maiores, os municipios recibirán financiamento para sufragar os custos da oficina municipal de rehabilitación –1.500 euros por vivenda rehabilitada ou construída en substitución doutra existente–.

Máis de 185 millóns

Coa asignación entre os 22 concellos solicitantes dos 10,2 millóns de euros dispoñibles para a anualidade 2021 a Xunta cumpre co seu obxectivo inicial, que era executar o 100% do orzamento previsto para esta nova convocatoria do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural, que se canaliza a través da figura das áreas de rehabilitación integral, creada en 1996 e cunha grande implantación na comunidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, actualmente existen 76 ARI declaradas en 44 concellos e outras tres de carácter supramunicipal –as ARI dos Camiños de Santiago, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e da Ribeira Sacra–, o que converte a Galicia na comunidade española con máis figuras deste tipo. En total, 160 concellos galegos teñen polo menos unha ARI dentro do seu termo municipal.

Neste sentido, cómpre lembrar que no período 1996-2020 e só a través das áreas de rehabilitación integral xa se asignaron un total de 185 millóns de euros aos concellos co fin de recuperar ao redor de 18.500 vivendas na Comunidade. A estas grandes cifras hai que sumar o importe destinado tamén ás oficinas de rehabilitación, que só nos últimos catro anos recibiron 5,14 millóns e onde traballan xa máis de 120 persoas.

A continuación detállanse os concellos, as ARI e as contías asignadas en cada caso ao abeiro da convocatoria correspondente a 2021.

CONCELLO	ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL	FONDOS 2021
Corcubión	Casco Histórico de Corcubión	179.398,00
Ferrol	Barrios Históricos A Magdalena e Ferrol Vello	1.195.409,83
	Barrio da Graña	87.945,00
	Barrio Esteiro Vello	297.274,11
	Barrio de Recimil	123.647,06
	TOTAL CONCELLO DE FERROL	1.704.276,00
Mugardos	Núcleos de Mugardos e O Seixo	78.021,00
Noia	Conxunto Histórico de Noia	125.840,00
Rianxo	Rianxo, Rianxiño e A Fincheira	66.695,00
Santiago	Casco Histórico de Santiago de Compostela	146.856,00
	Grupos de vivendas "Compostela e Cardeal Quiroga Palacios" do Barrio de Pontepedriña	421.065,00
	Barrio de Vite	811.945,00
	TOTAL CONCELLO DE SANTIAGO	1.379.866,00
Castro de Rei	Conxunto Histórico de Castro de Rei	151.008,00
Chantada	Casco Antigo de Chantada	88.088,00
Guitiriz	Parroquias do Buriz e Os Vilaes	151.008,00
Lugo	Casco Histórico de Lugo	486.061,00

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mondoñedo	Casco Histórico de Mondoñedo e Barrios Históricos de San Lázaro e "Os Muíños"	398.661,00
Monforte	Conxunto Histórico e zonas de respecto no concello de Monforte de Lemos	510.308,00
Quiroga	Núcleo urbano de Quiroga	35.235,00
Ribadeo	Casco Histórico da Vila de Ribadeo	260.816,54
	Núcleo de Rinlo	115.918,46
	TOTAL CONCELLO DE RIBADEO	376.735,00
Sober	Concello rural de Sober	125.840,00
Castro	Centro Histórico de Castro Caldelas	125.840,00
Ourense	Casco Histórico de Ourense	265.463,00
	Núcleo de Seixalbo	78.750,00
	Polvorín, Camelias e A Carballeira	200.000,00
	Barrios Serra San Mamede, Cruceiro Quebrado e a Inmaculada	12.000,00
	TOTAL CONCELLO DE OURENSE	556.213,00
Ribadavia	Casco Histórico de Ribadavia	168.185,00
	Casco Antigo de San Cristovo de Ribadavia	95.639,00
	TOTAL CONCELLO DE RIBADAVIA	263.824,00
Caldas de	Núcleo de Santo Tomé	373.745,00
Pontevedra	Conxunto Histórico de Pontevedra	771.949,30
	Núcleo de Estribela	101.118,70
	TOTAL CONCELLO DE PONTEVEDRA	873.068,00
Tui	Casco Histórico de Tui	79.783,00
Vigo	Casco Vello de Vigo	673.568,00
	Casco Histórico de Bouzas	244.616,00
	Grupo Casas Santa Clara. Cabral	118.200,00
	R/ Bueu-Moaña, Polígono Coia	434.240,00
	Beiramar	145.440,00
	Espiñeiro-Teis	145.440,00

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

	San Pablo	145.440,00
	San Roque	169.706,00
	TOTAL CONCELLO DE VIGO	2.076.650,00
	TOTAL GALICIA	10.206.163,00

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE PADRÓN PARA A AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO DO MUNICIPIO, CUN INVESTIMENTO DE 1,15M€

- Executarase unha rede de colectores e catro estacións de bombeo de augas residuais nos núcleos de Herbón, Lestido, A Aduana e O Paraíso
- A Xunta achegará o 80% do orzamento, 920.000 euros, e executará as obras, mentres o Concello de Padrón contribuirá co 20% restante, achegando 230.000 €
- Os traballos teñen un prazo de execución de seis meses e serán financiados con fondos europeos do programa Feder 2014-2020, como parte da resposta á pandemia
- As intervencións darán servizo a unha poboación total futura de 669 habitantes
- O Goberno galego segue prestando apoio técnico e financeiro aos concellos nas súas responsabilidades municipais de saneamento e depuración para continuar mellorando a calidade da auga e da vida da poboación do medio rural

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Padrón para a ampliación da rede de saneamento do municipio coruñés, que suporá un investimento de 1,15 millóns de euros.

Trátase de executar unha rede de colectores e catro estacións de bombeo de augas residuais nos núcleos de Herbón, Lestido, A Aduana e O Paraíso.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80%, achegando 920.000 euros. O Concello de Padrón contribuirá ao financiamento do 20% restante, destinando 230.000 euros.

Unha vez autorizado polo Executivo autonómico e asinado este acordo, Augas de Galicia estará en disposición de licitar as obras, que teñen un prazo de execución de seis meses. A actuación será financiada pola Unión Europea, no marco do eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da Covid-19.

A entidade local asume tamén a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

Actuacións que se executarán

Mediante o convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, desde Augas de Galicia executaranse as obras necesarias de ampliación da rede de saneamento

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

existente, de modo que se conecten á rede xeral para posteriormente ser conducidas ata a estación depuradora de Padrón as augas residuais xeradas en Herbón, así como nos núcleos do Barco, Lestido, O Piñeiro, Vista Alegre, A Aduana, O Pombal, O Muelle e O Paraíso, da parroquia de Iria Flavia.

A intervención proxectada consiste na ampliación da rede de saneamento existente mediante unha serie de colectores por gravidade executados en tubaxe de PVC de diámetros 315, 400 e 500 mm. Ademais, prevense 4 estacións de bombeo (EBAR) nos puntos baixos: nos núcleos de Herbón, Lestido, A Aduana e O Paraíso. As impulsións proxéctanse en polietileno de 90 mm de diámetro.

As estacións de bombeo serán prefabricadas, de sección circular e diámetro interior 1.000 mm e aloxarán 1+1 bombas somerxibles. Irán equipadas con arqueta previa para cestón de grosos e aliviadoiro. O bombeo de Herbón precisará un "calderín" antiarriete de volume 150 litros. Tamén será necesario tramitar novas acometidas eléctricas para as catro estacións de bombeo.


Coa rede proxectada por Augas de Galicia, darase servizo a unha poboación de 669 habitantes para o ano horizonte 2044.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz as súas responsabilidades nos servizos de saneamento, depuración e abastecemento, e continuar mellorando a calidade de vida da poboación galega no medio rural.

Planta da actuación previstas extraída do proxecto construtivo:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN COS CONCELLOS DE LEIRO E DE BOBORÁS PARA A MELLORA DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO CUN INVESTIMENTO DE 360.000 EUROS

- Renovarase o treito de tubaxe desde Pazos de Arenteiro á estación de tratamento de auga potable de Leiro para resolver os problemas de funcionamento nesta rede de subministración de auga ao municipio de Leiro
- A Xunta achegará o 80% do orzamento, 2880.000 euros, e executará as obras, e o Concello da Leiro contribuirá co 20% restante
- Os concellos de Leiro e de Boborás asumen a realización das xestións para posibilitar a execución das actuacións, así como a recepción, posta en servizo, mantemento, explotación e conservación das obras que se realicen no seus ámbitos territoriais
- O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia local

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Leiro e co Concello de Boborás para a mellora do sistema de abastecemento, que suporá un investimento de 360.000 euros.

Trátase de executar a renovación de tubaxe desde Pazos de Arenteiro, no municipio de Boborás, á estación de tratamento de auga potable de Leiro, co obxectivo de resolver os frecuentes problemas de funcionamento que se veñen producindo neste treito de condución que abastece a potabilizadora e o depósito do municipio de Leiro.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80% coa achega de 288.000 euros. O Concello de Leiro contribuirá ao financiamento do 20% restante, 72.000 euros.

Ademais, os concellos de Leiro e de Boborás asumen a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, así como a recepción, posta en servizo, mantemento, explotación e conservación das actuacións que se leven a cabo no seus respectivos ámbitos territoriais.

Estas intervencións serán financiadas pola Unión Europea, no marco do Eixe REACT UE do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da Covid-19.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxecto da actuación

O Concello de Leiro abastécese dunha captación situada no concello de Boborás, na canle de derivación do encoro de Albarellos. A auga trátase nunha estación de tratamento de auga potable existente no municipio de Leiro e distribúese a través dunha conducción cunha lonxitude aproximada de algo máis de 7 quilómetros de lonxitude, dos cales máis de 4,7 se sitúan no termo municipal de Boborás e preto de 2,4 no municipio de Leiro.

Debido á antigüidade da conducción que conecta a captación coa potabilizadora, son moi frecuentes as roturas, o que provoca faltas na subministración de auga á poboación.

Coas actuacións obxecto do convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, preténdese renovar a rede municipal mediante a substitución da tubaxe existente e a instalación de ventosas para a eliminación do aire que se acumule na rede e válvulas de baleirado nos puntos baixos, coa finalidade de garantir o abastecemento á poboación.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia local.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE BOBORÁS PARA RENOVAR AS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E PLUVIAIS NO NÚCLEO DE BRUÉS CUN INVESTIMENTO DE 385.000 €

- Renovaranse estas infraestruturas municipais no contorno da estrada N-541, que teñen máis de 50 anos de antigüidade e causan perdas de auga e filtracións á rede
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, contribuirá ao financiamento desta actuación co 80% do orzamento, 308.000 euros, achegando o Concello o 20% restante e encargándose da execución das obras
- O Goberno galego continúa prestando o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan desenvolver as súas competencias de saneamento e abastecemento de xeito eficiente

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Boborás para a execución das obras de mellora das redes municipais de abastecemento, saneamento e pluviais no núcleo de Brués, que suporán un investimento de 385.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, contribuirá ao financiamento das actuacións co 80% do orzamento, 308.000 euros, achegando o Concello o 20% restante.

Ademais, correspóndelle a entidade local a execución das obras, así como o mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

As actuacións

As redes municipais de abastecemento e saneamento no contorno da estrada N-541, no núcleo de Brués, teñen máis de 50 anos de antigüidade, presentando numerosas deficiencias derivadas do vencemento da súa vida útil. Isto tradúcese na existencia de fugas e perdas de auga e filtracións que derivan en ineficiencias no uso da auga.

Ademais, practicamente non existe rede de pluviais, polo que as entradas de auga de chuva nos colectores está dificultando a depuración das augas residuais.

Mediante o convenio autorizado hoxe impúlsanse as actuacións necesarias para a solución destas deficiencias, a través da renovación das redes de abastecemento, saneamento e pluviais na travesía da estrada nacional N-541.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As obras consisten na construción dun novo tramo de rede de augas pluviais e na renovación das instalacións vinculadas á auga na travesía da N-541 ao seu paso polo núcleo de Brués.

O Goberno galego continúa prestando o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan prestar os servizos de saneamento e abastecemento, de competencia municipal, aos seus veciños de xeito eficiente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 200.000 EUROS NO NOVO CIRCUÍTO 'MÚSICA EN SALAS' PARA ORGANIZAR MÁIS DE 100 CONCERTOS DENTRO DO XACOBEO 21-22

- O Consello da Xunta autoriza a subscripción dun convenio de colaboración coa Asociación de Salas de Música ao Vivo-Clubtura para ofrecer novos recitais de artistas galegos ata finais de ano nos locais adheridos a este colectivo
- O reforzo do apoio a estes espazos de titularidade privada engádese a anteriores medidas incluídas no Plan de reactivación cultural e supón o recoñecemento do seu papel no desenvolvemento da industria musical galega

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración por valor de 200.000 euros entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), e a Asociación de Salas de Música ao Vivo-Clubtura para a posta en marcha dun novo circuítio con máis de 100 concertos ata decembro de 2021 nos espazos membros deste colectivo.

Baixo o título de *Música en Salas*, esta nova programación, que pasa a formar parte da carteleira cultural para o Xacobeo 21-22, supón o reforzo do apoio por parte do Goberno galego para relanzar a actividade destes espazos, moi afectados polos efectos da pandemia e do sector da música en directo en xeral, que viu durante os últimos meses moi limitadas as súas posibilidades de encontro presencial cos espectadores.

Así, este acordo súmase ás medidas anteriores xa recollidas no Plan de reactivación cultural, tales como a liña extraordinaria de subvencións a salas privadas habilitadas legalmente para organizar espectáculos musicais con público, recollida no DOG o pasado 1 de febreiro e dotada con 800.000 euros. Estes establecementos xa foron destinatarios tamén dun apoio específico en 2020 mediante o programa *Directos Xacobeo'21 en Salas*, que tivo que reformularse e pasar á gravación de concertos sen público coa súa posterior difusión a través das redes sociais.

Agora, con *Música en Salas* vólvese incidir na dinamización dun sector que sufriu a práctica parálise durante a crise sanitaria, xa que o seu peche afectou tamén as formacións musicais, que teñen nestes locais un importante mercado de distribución, e mesmo a todas as empresas auxiliares que interveñen.

Máxima variedade de artistas

Entre os requisitos que se prevén figuran que as actuacións sempre serán en directo, o caché por cada unha delas non poderá superar o importe de 2500 euros e cada sala

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

participante programará un máximo de 10 concertos sen repetir artistas, xa que se busca a máxima variedade posible no conxunto do programa. Ademais, o importe total que poderá xustificar cada espazo non poderá exceder os 12.000 euros.

Da dotación de 200.000 euros do convenio, 140.000 resérvanse para os cachés artísticos e os 70.000 restantes destínanse a gastos de produción, protocolos de seguridade e demais conceptos de coordinación e xestión.

As destinatarias desta nova liña de apoio son as salas membros de Clubtura, a única asociación galega que agrupa e representa os intereses deste tipo de locais, aos que a Xunta lle reconece tamén deste xeito o seu relevante papel no desenvolvemento da industria musical en Galicia. Na actualidade, Clubtura aglutina 37 espazos nas catro provincias galegas, cifra que supón arredor dun 95% do sector.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIA CON PRETO DE 7M€ A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO CIENTÍFICO-TÉCNICO POR PARTE DAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS

- Con esta acción o Goberno galego blinda o apoio ás universidades, logo de que o Ministerio de Ciencia non financie investimentos menores de medio millón de euros, como viña facendo ata o de agora
- Con cargo a este convenio, os tres organismos académicos poderán adquirir todo tipo de tecnoloxías para os seus centros de investigación, facultades e edificios que redundan nunha mellora da calidade da docencia

A Xunta de Galicia destina preto de 7M€ ás tres universidades públicas do Sistema universitario galego para a adquisición e mellora de equipamento e instalacións científico-técnicas para os seus campus durante este ano 2021.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración para tal fin entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as universidades da Coruña (UDC), de Santiago de Compostela (USC) e de Vigo (UVigo), co cal queda blindado o apoio autonómico neste ámbito logo de que o Ministerio de Ciencia non asuma o financiamento daqueles investimentos en infraestruturas científicas universitarias que non superen o medio millón de euros, como viña facendo ata o momento.

As universidades poderán destinar o orzamento do convenio a gastos de equipamento dos grupos, institutos e centros de investigación e de unidades docentes, sempre que estean incluídos ou asociados á realización de proxectos de investigación; a equipamento científico e para infraestruturas de investigación; á elaboración de proxectos de obras ou reformas; á dotación de laboratorios e ás ferramentas de xestión do coñecemento e información tales como aplicacións informáticas, bases de datos ou licenzas software entre outros.

Esta acción vai en liña cos obxectivos da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 e do Plan da Unión Europea Horizonte Europa 2021-2027, que aspiran a consolidar un modelo de crecemento inclusivo e sustentable situando á I+D+i como factor clave para garantir a competitividade da economía e responder ás transformacións globais e aos retos sociais de futuro.

Universidade da Coruña

No marco desta acción a Universidade da Coruña (UDC) recibirá un total de 917.520 euros para este ano, orzamento con cargo ao cal adquirirá dotación tecnolóxica específica para os seus centros de investigación como proxectos de Intelixencia Artificial

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para a visión por computador, laboratorio de servizo de localización intelixente, desenvolvemento de pezas especiais en 3D, túnel de vento aerodinámico, instrumentos de apoio á calibración, ou brazos robóticos, entre outros.

No caso concreto do Campus Industrial de Ferrol -o primeiro acreditado co selo de Campus de Excelencia do Sistema Universitario Galego-, a UDC terá unha partida de 127.800 euros para a dotación de sistemas innovadores na Escola Politécnica de Enxeñaría (simulador de torre de enfriamento para laboratorio de investigación e prácticas e postos de laboratorio), para equipamento de espazos de investigación na Facultade de Enfermaría e Podoloxía e software específico para o grao de Moda e as enxeñarías.

Universidade de Santiago

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) recibirá unha contía total de 3.263.642 euros, entre os que destacan máis de 484.000 euros para a dotación do hospital veterinario universitario Rof Codina no Campus de Lugo (equipos de ecografía para anestesia e oftalmoloxía, torre de videoendoscopia dixital, máquinas de anestesia e ecógrafos para equinos ou equipamento para quimioterapia, entre outros).

Así mesmo, financiaranse con cargo a este convenio unha serie de equipamento informático e equipamento técnico específico en varias facultades como as de Óptica e Optometría, Enxeñarías, Veterinaria, Enfermaría, Matemáticas, Xeografía e Historia, Farmacia, Ciencias da Educación, Formación do Profesorado, Bioloxía, Psicoloxía, Ciencias Sociais e Políticas, entre outras.

Universidade de Vigo

No que atinxe á Universidade de Vigo (UVigo) a partida orzamentaria destinada a este fin acada os 2.766.817 euros, dos cales preto de 1,4M€ a universidade vai destinar ao equipamento tecnolóxico dos seus centros de investigación como son sistemas de fabricación, análise e estimulación de novas nanoterapias, termografía de alta velocidade, medidas tecnolóxicas cuánticas, escáner láser portátil, espectrometría de emisión óptica de plasma, sistemas de monitoraxe da calidade da auga ou equipos de comunicación de rede, entre outros moitos.

Tamén, con cargo a esta partida, levará a cabo distintas melloras nas infraestruturas de diversas facultades e edificios nos tres campus que integran a UVigo, incluída a dotación de laboratorios específicos como o de visión artificial e robótica na Escola de Enxeñaría Informática ou o de edición gráfica e de informática da Facultade de Deseño, entre outros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 152.300 EUROS NA REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE E PAC DE CASTRO CALDELAS

A obra consistirá na substitución integral da cuberta do edificio, o que permitirá rematar cos constantes problemas de filtracións e humidades que padecen os pacientes e os profesionais do centro

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Castro Caldelas para a reforma do centro de saúde e PAC do municipio. O orzamento das obras da instalación ascende a 202.300 euros. Debido ao elevado importe da reforma, nesta convenio non se aplica a regra de cofinanciamento ao 50%, que adoita rexer os acordos para reformas en centros de saúde de titularidad municipal. Polo tanto, o Sergas achegará 152.300 euros (o 75%), mentres que os restantes 50.000 euros correrán a cargo do concello.

A cuberta do actual centro de saúde e PAC de Castro Caldelas atópase en moi mal estado, debido fundamentalmente aos importantes vicios construtivos no momento da súa execución. A día de hoxe, a meirande parte da auga da cuberta non é evacuada polas canles, se non que se filtra ao forxado de cuberta, e dende alí, parte dela sae ao exterior, a través dos tubos de ventilación das cámaras dos peches de fachada. A que non é evacuada a través destes pequenos tubos, filtrase ao interior do inmovible, aparecendo en tabiques e falsos teitos.

As obras de reforma permitirán rematar cos constantes problemas de filtracións e humidades que padecen os pacientes e os profesionais do centro. Consistirán, en primeiro lugar, no levantamento de toda a cubrición existente de chapa metálica e vidro nas partes acristaladas, así como no levantamento de canles e baixantes existentes. Despois, virá a revisión do estado no que se atopa a estrutura portante da cuberta e a súa reparación, no caso de que fose necesario. A continuación, terá lugar a traza de pendentes e colocación de canles, garantindo a súa correcta evacuación cara ás baixantes existentes, ou a proposta de novos puntos de evacuación de auga. Por último, recolocarase a nova cubrición de chapa metálica de dobre capa con illamento intermedio, coa oportuna execución de remates, axustes, pezas especiais e posta en servizo.

Renovación de infraestruturas de atención primaria

Co Convenio que hoxe autoriza o Consello da Xunta para o cofinanciamento das obras de reforma do Centro de Saúde de Castro Caldelas, son xa 14 os convenios asinados neste ano 2021 con este mesmo obxectivo, tras as respectivas sinaturas cos concellos de Rairiz de Veiga, O Bolo, Palas de Rei, Fornelos de Montes, Campo Lameiro, Valdoviño,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Amoeiro, Rodeiro, Beariz, Vilardevós, Baltar, Maside e Friol para renovar centros de saúde por un importe total de 937.109,58 €.

A sinatura deste convenio significa dar un paso máis na renovación das infraestruturas da atención primaria que hai na nosa comunidade. Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia construíu ou reformou un total de 89 centros de saúde, o que supuxo actuar sobre máis de 75.000 metros cadrados. A eles hai que engadir as 4 obras que están en marcha. En total, a Administración autonómica investiu, nestes 12 anos, preto de 120 millóns de euros en infraestruturas sanitarias de atención primaria.

En particular, na provincia de Ourense, nos últimos anos puxéronse en marcha novos centros de saúde como o da Merca, Toén, Entrimo, Vilar de Santos, Carballeda de Avia, A Peroxa (Os Peares), Vilamarín, Barbadás (A Valenzá) e Pontedeiva. Nesta lexislatura véñense de poñer en marcha os centros de saúde do Pereiro de Aguiar e Paderne de Allariz, e xa está licitada a redacción do proxecto para o novo CIS de Ourense. Asinouse tamén o protocolo para iniciar a construción do novo centro de saúde na Rúa. E están xa licitadas as obras de reforma dos centros de saúde de Arnoia e Ribadavia. Ademais están xa reformados, nestes últimos anos, a través de cofinanciamento cos concellos, os centros de saúde da Rúa, Gomesende, O Bolo, Amoeiro, Muíños, Leiro, Carballeda de Valdeorras, Lobios e Cenlle.

Para todo isto, é fundamental actuar tamén nos centros de saúde que aínda seguen a ser de titularidade municipal. Existe un Pacto Local para ir asumindo progresivamente desde a Xunta estes centros. Desde 2009 xa se asumiron máis de 90 e, aínda que o proceso é lento, hai que destacar que, desde 2017, a distribución que a Xunta fai do Fondo Adicional do Fondo de Cooperación Local, inclúe a previsión de compensar os custos de mantemento dos centros de saúde do grupo 1, que son aqueles coma este cuxo edificio está dedicado integramente ao fin sanitario.

Así, nos orzamentos da Xunta de 2021 prevese a reserva de 2,23 millóns de euros do Fondo de Cooperación Local aos concellos de menos de cincuenta mil habitantes que teñen que asumir os gastos de funcionamento dos centros de saúde da súa titularidade. Polo tanto, a Xunta colabora cos concellos no mantemento habitual destes centros e colabora tamén cando, como neste caso, hai que facer reformas importantes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ADXUDICA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE TERRESTRE NA BISBARRA DE BAIXO MIÑO POR UN IMPORTE DE 11,1 MILLÓNS DE EUROS

A Xunta de Galicia vén de autorizar a contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre na bisbarra de Baixo Miño, pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, por un importe de 11.159.182 euros durante o período 2021-2023.

A través desta contratación, a Rede de transporte sanitario urxente terrestre de Galicia-061 incrementa a capacidade de asistencia e de resolución dos novos recursos; e diminúe os tempos de resposta ante patoloxías tempo-dependentes como o infarto agudo de miocardio, o ictus, a sepsis ou os pacientes politraumatizados. Así mesmo, garante a mellora na asistencia a pacientes en situación de urxencia e emerxencia no lugar onde sexa necesario (lugar público, de traballo ou domicilio particular).

Xunto ao anteriormente sinalado, os recursos asistenciais mobilizados polo servizo público de urxencias sanitarias galego garanten a prestación duns coidados de calidade e axeitados á situación específica de cada paciente segundo a súa patoloxía no punto no que se atope e, no caso de que sexa necesario, durante o seu traslado ao centro sanitario de referencia. Ademais, proporcionan o número e o tipo de recursos sanitarios máis axeitados no momento actual e con vistas á evolución que en materia de saúde se prevé no futuro.

Así, este novo contrato establece unha mellora da cobertura sanitaria na bisbarra de Baixo Miño coa ampliación do horario da ambulancia de soporte vital básico (SVB) con base no concello de Baiona e das dúas ambulancias de SVB con base no concello de Pontearreas ata as 24 horas durante todos os días da semana.

Deste xeito, os recursos asistenciais da Rede de transporte sanitario urxente de Galicia-061, nesta área están compostos por unha ambulancia asistencial de soporte vital avanzado as 24 horas, nove ambulancias asistenciais de soporte vital básico as 24 horas, e dúas ambulancias asistenciais de soporte vital básico 12 horas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 1M€ A 34 CONCELLOS GALEGOS PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS HÍBRIDOS OU ELÉCTRICOS PARA AS SÚAS POLICÍAS LOCAIS

- O Consello da Xunta dou o visto e praxe á proposta de resolución das axudas tras a reunión do luns da comisión de valoración na que se decidiron os beneficiarios
- As axudas destinaranse a sufragar 48 mensualidades entre 2021 e 2025 do financiamento mediante o sistema de *renting* dos vehículos eléctricos ou híbridos con distintivo ambiental Cero emisións ou Eco, adquiridos ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental
- A Xunta financiará ata un máximo do 74% do custo total das cotas do *renting*, cun límite de 33.600 euros de subvención por concello

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á proposta para a resolución das axudas plurianuais destinadas aos concellos galegos para a adquisición, mediante o sistema de *renting*, de vehículos híbridos ou eléctricos aos corpos de policía local financiadas polo Fondo de Compensación Ambiental. Así, a comisión de valoración, na súa reunión do pasado luns, aprobou a proposta de beneficiarios, que inclúe a 34 concellos de menos de 50.000 habitantes e con corpo de policía local, que en conxunto recibirán máis de 1 millón de euros distribuídas en 48 mensualidades e repartidas en 5 exercicios entre este 2021 ata 2025.

A Xunta financiará ata un máximo do 74% do custo total das cotas do *renting*, cun límite de 33.600 euros de subvención por concello e sen exceder de 8.400 euros por anualidade nin de 700 euros por mes. Os concellos recibirán a partir de mañá a notificación correspondente informándoos de que foron beneficiarios desta orde de axudas.

A convocatoria, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, financia a adquisición mediante o sistema de *renting* de vehículos ao servizo da Policía Local, tanto eléctricos como híbridos enchufables e non enchufables e que reúnan os requisitos para obter o distintivo ambiental Cero emisións ou Eco.

A Xunta continúa deste xeito co seu compromiso para colaborar cos concellos e, neste caso, nun eido tan importante como a seguridade cidadá, ao mesmo tempo que se fomenta o uso de vehículos non contaminantes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA DESTINA 19,8M€ AO AUTOCONSUMO E ALMACENAMENTO ENERXÉTICO PARA CONSEGUIR AFORROS ANUAIS DE 7M€ NAS FACTURAS DAS EMPRESAS

- Trátase de novas liñas de axuda da Xunta, financiadas con fondos procedentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia para proxectos de autoconsumo eléctrico nos sectores produtivos e para almacenamento
- A porcentaxe dos apoios, segundo o tamaño da empresa, do proxecto e da tecnoloxía, irá do 15% ao 65%
- Prevese unha mobilización de 60M€, así como aforros anuais de 65.000MWh e unha redución de emisións equivalente a 1.150.000 árbores
- As axudas permitirán que as empresas consigan rebaixar a súa factura eléctrica nun momento na que a escalada de prezos está afectando a competitividade empresarial
- A convocatoria dá continuidade ás axudas postas en marcha pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, que este ano activou preto de 16M€ para fomentar o uso de renovables nos fogares, empresas e administracións

O Consello da Xunta avaliou hoxe as novas axudas destinadas a fomentar o uso do autoconsumo eléctrico a partir de enerxías renovables, para as que contará cun orzamento de 19,8M€. Dirixida a empresas, esta convocatoria permitiralles aforrar ao redor de 7M€ ao ano nas súas facturas enerxéticas.

Estas liñas de apoio permitirán impulsar instalacións de fotovoltaica e eólica para autoconsumo, así como o almacenamento. En concreto, poden ser beneficiarios destas axudas as empresas, incluíndo as de servizos enerxéticos; os xestores de polígonos industriais; as persoas xurídicas ou agrupacións de empresas que realicen actividades económicas; as entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades económicas; e comunidades enerxéticas locais.

Haberá unha liña destinada ao sector servizos para realizar proxectos de fotovoltaica (5,3M€) e eólica (280.000 euros), ambas as dúas con ou sen almacenamento; unha segunda para outros sectores produtivos, que contará con 11M€ para fotovoltaica e 580.000 euros para eólica, tamén con ou sen almacenamento; e por último, apoiarase o almacenamento en instalacións de autoconsumo existentes tanto no sector servizos como noutros sistemas produtivos con 2,6M€.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As axudas, de concorrencia non competitiva e financiadas a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, contarán cunha porcentaxe que oscilará do 15 ou 65% en función do tamaño da empresa, do tamaño do proxecto e da tecnoloxía.

Grazas a estes apoios, agárdase mobilizar 60M€, conseguir aforros anuais de 65.000 MWh/ano, así como unha redución de emisións de 23.000 toneladas de CO2 ao ano, equivalente á acción de 1.150.000 árbores. Ademais, a redución dos custos enerxéticos das empresas contribuirán á reactivación económica e á mellora da súa competitividade, nun momento no que a escalada de prezos está dificultando que moitas empresas poidan facer fronte á factura eléctrica. Pola súa vez, o uso das enerxías renovables permitirá unha mellora ambiental e da calidade de vida da sociedade.

Con estas axudas, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación dá continuidade ás actuacións que leva anos desenvolvendo tanto para impulsar o uso das enerxías renovables como para fomentar o autoconsumo. De feito, este ano activáronse 15,85M€ en liñas de apoios destinadas tanto aos fogares, como ás empresas e administracións, ás que se suma esta nova convocatoria plurianual que se desenvolverá entre 2021 e 2024.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA O CONCERTO PARA A PRESTACIÓN FARMACÉUTICA QUE GARANTE O ACCESO DOS PACIENTES AOS MEDICAMENTOS DE FORMA AXEITADA AS SÚAS NECESIDADES

- Recolle as condicións en que as oficinas de farmacia colaborarán co Servizo Galego de Saúde no desempeño da prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde no ámbito extrahospitalario
- O texto establece as actuacións para que os pacientes reciban os medicamentos e os produtos sanitarios de forma axeitada ás súas necesidades, durante o período de tempo apropiado e co menor custo posible para eles e a comunidade
- O primeiro programa que se vai por en marcha ao abeiro deste novo concerto será o de dispensación de sistemas personalizados de dosificación a través das oficinas de farmacia, para os pacientes seleccionados polo Sistema público de saúde
- Ao igual que na última renovación, o concerto terá unha vixencia de tres anos, prorrogable por outro máis, e entrará en vigor o día 1 de outubro

A Xunta de Galicia, a través do Servizo Galego de Saúde, vén de renovar o concerto para a prestación farmacéutica polas oficinas de farmacia. Neste texto, na mesma liña que nos concertos anteriores, recóllense as condicións nas que as oficinas de farmacia galegas, colaborarán co Sergas no desempeño da prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde (SNS), no ámbito extrahospitalario.

O concerto ten por obxecto establecer as actuacións para que os pacientes reciban os medicamentos e os produtos sanitarios de forma axeitada ás súas necesidades, durante o período de tempo apropiado e co menor custo posible para eles e a comunidade. Así mesmo, as oficinas de farmacia colaborarán co Sergas para garantir o uso racional da prestación farmacéutica do SNS, incluíndo unha atención farmacéutica de calidade aos pacientes, coa implicación activa dos farmacéuticos que exercen a súa actividade en ditas oficinas.

Ademais, as farmacias participarán nas tarefas de farmacovixilancia, o que permitirá incrementar a seguridade no uso dos medicamentos, tanto na actuación preventiva mediante a información ao cidadán sobre a correcta utilización, como no que se refire á detección e notificación de sospeitas de reaccións adversas.

Esta coordinación do Sergas e os Colexios Oficiais de Farmacia, redundará nuns mellores resultados en saúde da poboación, mediante unha maior eficiencia da atención farmacéutica e da asistencia sanitaria en xeral. Claro exemplo son os programas de colaboración. O primeiro programa que se vai por en marcha ao abeiro deste novo

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

concerto, será o de dispensación de sistemas personalizados de dosificación, a través das oficinas de farmacia, para os pacientes seleccionados polo sistema público de saúde. A finalidade deste programa será mellorar o cumprimento dos tratamentos farmacolóxicos, así como previr, detectar e resolver problemas relacionados cos medicamentos.

Ao igual que nos concertos anteriores, os grandes beneficiarios deste convenio son os pacientes, que teñen garantizado o acceso aos medicamentos prescritos polo seu médico, e a dispensación baixo a dirección, responsabilidade, presenza e control dun farmacéutico.

Ademais poden recibir atención farmacéutica e os consellos necesarios para garantir a eficacia e seguridade dos tratamentos, mellorar o seu coñecementos sobre o uso dos medicamentos, resolver dúbidas sobre os seus tratamentos. Así mesmo, poderán coñecer e ter acceso aos datos do seu historial farmacoterapéutico e a súa folla de medicación activa, e beneficiarse dos programas concertados do Sergas coas oficinas de farmacia, como a expedición do certificado da Covid-19 ou os autotest de control da dita enfermidade.

Ao igual que na última renovación, o presente concerto terá unha vixencia de tres anos, prorrogable por outro máis, e entrará en vigor o día 1 de outubro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 1,4 MILLÓNS DE EUROS PARA COMBATER A COVID-19 NOS CENTROS SANITARIOS DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS

Este investimento xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou no seu día o Comité de expertos

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a tramitación de emerxencia dun expediente cun orzamento de 1.416.171 euro, destinado á adquisición de material para combater a covid-19 na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

Mediante esta partida adquirese material de laboratorio como tests rápidos de detección da Covid-19, kits de detección PCR, e medios de transporte de mostras, así como tubos, reactivos, etc, por un valor de 851.105 euros.

Ademais, o expediente conta cun presuposto de 559.043 euros para desinfectantes, luvas, equipos de infusión, catéteres, xiringas, agullas, drenaxes e sensores de pulsioximetría, xunto a vestiario cirúrxico.

O resto do orzamento complétase coa adquisición doutros materiais como un sistema de carga para neuroestimulador implantable ou produtos como deterxente desinfectante altamente concentrado.

A adquisición de todo este material e da contratación dos servizos detallados, xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da Covid-19 que elaborou no seu día o Comité de Expertos no seguimento do coronavirus, e que recolle, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebotes. O Comité de Expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das Áreas Sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA